

COMPARECENCIA DO CONCELEIRO JESUS CRESPOS, COMO PRESIDENTE DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 11/2013

Vista a solicitude de comparecencia presentada por AER, nos seguintes termos:

“No consello parroquial do Viso, ademais de pedirse xa o 8 de marzo do 2012, o 23 de agosto de 2012 solicitouse a colocación dun espello no cruce do Loureiro, constando en acta deste xeito: “Anxo Lusquiños López propón que se coloquen espellos no cruce do Loureiro no Camiño Xacobeo. María José Acevedo Santoro propón que se coloquen espellos no Barrio do Escredo. As propostas son aprobadas pola unanimidade das/os membros presentes.”

No consello parroquial celebrado en marzo, o presidente, Jesús Crespo, concelleiro de Deportes e Novas Tecnoloxías, informou que o concelleiro responsable desta área pedira un informe a Policía Local. Neste informe, segundo as palabras do presidente do consello, a Policía Local desestimaba a colocación do espello nesa zona por consideralo perigoso.

Esta resposta causou sorpresa (por non dicir outra cousa) entre os membros do consello parroquial, polo que dende AER solicitamos o informe mencionado por rexistro no Concello. E esta foi a resposta que obtivemos vía correo electrónico (29/04/2013) da Policía Municipal:

“En relación coa súa solicitude de informe sobre a colocación de espellos no cruce do Loureiro no camiño Xacobeo solicitado polo consello parroquial do Viso, infórmolle que consultados os arquivos do ano en curso, 2012 e 2011, non hai constancia de dita petición.”

A Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicita a comparecencia do concelleiro Jesús Crespo, presidente do Consello Parroquial do Viso, para que explique esta contradición entre o exposto no Consello Parroquial e o que consta na Policía Local”

O concelleiro di que o que se falou no consello non se refire o cruce senón a curva poloperigo polo paso dos peregrinos e cecais iso puido levar a confusión xa que o informe da Policía en relación á colocación dun espello na curva foi inicialmente verbal e referíase á imposibilidade de colocalo na curva . Refírese a unha nota aparecida na prensa do BNG no que se pide a súa dimisión no consello parroquial. Di que o consello funciona de xeito transparente e que él non minte.

A concelleira Pérez Orge di que o BNG presentou por rexistro a solicitude de convocatoria extraordinaria do consello para aclarar o tema. Indica que os informes verbais non existen e, nese caso, debería dimitir xa que enganou aos membros do consello.